



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 5 DE NOVEMBRO DE 2009**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vazquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña. Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña. Maria Iglesias Fernández Dña. Ana Simons Sánchez D. Jose Rodríguez Trigo Dña. Maria Jesús Martíns Passos  D. Manuel R. Vilar Marquez  D. Rafael Lores Rosal D. Manuel Rafael Estévez González Dña. Emilia Giráldez Ramirez Dña. Laura Miguez Pérez Dña. Teresa Perez Vieira  D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin
<u>NON ASISTIU:</u>	D. Manuel A. Gonzalez Marcote
<u>SECRETARIA:</u>	Dña. Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dña. Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a cinco de novembro de dous mil nove, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, e da conta da declaración feita con anterioridade ó inicio da mesma por tódolos grupos políticos respecto ó secuestro do buque atuneiro ALAKRANA e a gran preocupación existente no Concello de Baiona.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACION DE ACTA ANTERIOR.**

***Acta de 8 de outubro de 2009.***

O Sr. Alcalde pregunta se hai observacións que facer á devandita acta, producíndose a seguinte:

**SR. ESTEVEZ, PSOE.**- Na páxina 16 creo que hai un erro nas miñas intervencións: se repiten dúas veces.

Feita esta observación e visto que na páx. 16 da acta do 8 de outubro de 2009 figura:



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

*"SR.ESTEVEZ, PSOE.- Estou plenamente convencido que os meus compañeiros no Parlamento Español van a estar á altura das circunstancias.*

*SR.ESTEVEZ, PSOE.- Os nosos tamén."*

Comprobado que a primeira intervención non a fixo o Sr.Estévez, senón que foi o Sr.Fernández, do BNG, fica aprobada por unanimidade a acta do 8 de outubro de 2009.

## **2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

## **3.- APROBACION, SE PROCEDE, DO DOCUMENTO DE CAMIÑOS E VIAS MUNICIPAIS REDACTADO POLA CONSULTORA SERVICAT.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta do seguinte:

### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**

**El artículo 17 del Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales establece la obligación de éstas de formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.**

**Con el fin de actualización de los caminos y vías de titularidad municipal dado el desarrollo urbanístico de los últimos años en fecha 28/08/2008 por resolución de Alcaldía se adjudicó el contrato de servicio de formación de inventario a la consultora SERVICAT, SLL**

**Realizado los trabajos del catálogo de caminos que supone una modifica el Grupo C del epígrafe 1º Bienes inmuebles del Inventario Municipal aprobado por el pleno de la Corporación en fecha 19/01/2001.**

**En virtud de lo expuesto propongo a los miembros del Pleno previo informe de la Comisión Informativa de Asuntos de Pleno la adopción del siguiente acuerdo:**

**Primero.- Aprobar inicialmente el documento "INVENTARIO DE CAMINOS E VIAS" redactado por la consultora SERVICAT.**

**Segundo.- Someter el expediente a periodo de información al público mediante inserción de anuncio en el BOP de Pontevedra, DOG y en un periódico de mayor difusión en la provincia.**

---

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** O grupo socialista roga ó goberno que se preocupe de darlle a maior publicidade posible, que ó igual que fixeron co PXOU e co PEPCHAB se poida ter algunha oficina de información, horario de visitas, etc; xa que entendemos que ún dos maiores liltixios ou problemas entre os particulares son os lindes, as servidumes, os camiños públicos e privados. Este é un documento moi importante e é imperativo legal a publicación no BOP e no DOGA e nun periódico de maior difusión da provincia, obviamente ten que ser así, pero os veciños deberían coñecer este documento para facer as suas reclamacións e alegacións.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Coincidimos en que debe ser publicitado coa máxima difusión entre os veciños para que se entere todo o mundo xa que, como sabemos todos os que estivemos gobernando nalgún momento, o tema do Inventario público, dos camiños públicos e non públicos, é unha fonte continua de problemas e conflitos; polo tanto creemos que debe darse a



EXCMO. CONCELO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

maior publicidade. En todo caso, o estiven olleando e xa hai erros importantes, creo recordar que algunha situación xa foi modificada e aquí segue existindo igual; non recordo agora exactamente cal era, penso que foi un camiño que xa fora ensanchado e aquí segue nas mesmas condicións; é dicir, seguramente se colleu o que había sen ningún tipo de reformas; haberá que reflexálas a partir de agora. Pola nosa parte non hai problema ningún.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Este é un documento fundamental polo que representa e que sen dúbida nestes momentos é un complemento do que vai a ser o PXOU; ten dúas vertientes: clarificar que camiños son públicos e cales de servidume (ao mellor creemos que algúns son públicos cando realmente son servidumes); para nós é fundamental aprobalo porque non deixa de ser agora un documento técnico que hai que expór ó público e dentro dese período de exposición (que esperemos sexa de máxima difusión) os veciños poderán aquí acreditar con toda súa documentación o que consideren, porque se na exposición do Plan Xeral tamén hai erros e hai veciños que aínda non se decataron, pois agora é o momento para corxilos. Este documento está feito pola mesma consultora que está redactando o PXOU e se remitirá xa ó equipo redactor para que cando traíamos aquí a aprobación definitiva do futuro Plan Xeral teñamos este documento aprobado. Para nós agora é un documento técnico, de exposición ó público e de clarificación para tódolos veciños; e fundamental para que o futuro Plan Xeral nazca con solidez en materia de camiños; polo tanto estamos a favor desta primeira aprobación seguindo estes parámetros técnicos.

**SR.ALCALDE.-** Levan moitos meses traballando neste tema con técnicos municipais; pero o máis importante é que a partir de hoxe, da aprobación, tódolos veciños o poidan revisar para lograr así facer un documento mellor.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

---

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**Primero.- Aprobar inicialmente o documento "INVENTARIO DE CAMIÑOS E VIAS" redactado pola consultora SERVICAT.**

**Segundo.- Someter o expediente a período de información ó público mediante inserción de anuncio no BOP de Pontevedra, DOGA, e nun periódico de maior difusión na Provincia.**

#### **4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE CREDITO 5/2009.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

#### **MEMORIA DE LA ALCALDÍA**

Con el fin de poder incrementar la consignación de determinadas partidas de gastos corriente cuyo crédito se ha revelado insuficiente o bien debido a necesidades nuevas no previstas en el Presupuesto General de 2009 y existiendo crédito sobrante en otras partidas de diferente Grupo de Función, el cual se estima que no será necesario en lo que resta de ejercicio, se eleva al Pleno expediente de modificación de crédito nº 05/09 mediante transferencia de crédito, por importe total de 35.000 €.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Las partidas objeto de aumento son las siguientes:

- Honorarios de las obras del fondo estatal, como consecuencia de los trabajos arqueológicos realizados en la obra de Pavimentación en Santa Liberata.
- La dotación de las partidas necesarias para la realización de los proyectos de obra a ejecutar en el Plan de Inversiones de la Diputación Provincial.
- Aumento de la partida de gastos de mantenimiento de la línea ADSL del Centro Antena de Empleo, de reparaciones en los edificios del servicio de cultura y de trabajos de mantenimiento en la nave de la Carabela Pinta para la limpieza de los fondos de dicha embarcación.

Como consecuencia y previo informe de Intervención a la modificación de crédito nº 19/09 se eleva al Pleno la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:

1º.-Aprobar el expediente de modificación de crédito nº 05/09, mediante transferencia de crédito entre partidas de diferente Grupo de Función por importe de 35.000 €, según detalle que figura en el expediente

2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

---

**SR.ESTEBEZ, PSOE.-** Unicamente decir que seguimos na nosa liña en canto á cuestión presupostaria; nos abstimos no Presuposto e neste caso tamén nos vamos a abster.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Non vamos a intervir neste punto.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Estamos a favor deste tema.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), abstencións, 7 (5,PSOE, 2,BNG).**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**

1º.-Aproba-lo expediente de MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 05/09, mediante transferencia de crédito entre partidas de diferente Grupo de Función por importe de 35.000 €, según detalle que figura no expediente.

2º.- Ordenar a publicación no BOP do presente acordo, a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública.

**5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA DECLARACION INSTITUCIONAL FRONTE A VIOLENCIA DE XENERO CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.SILVA, PP**, quen procede á lectura da seguinte:



EXCMO. CONCELO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL FRENTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

**“NON MÁIS VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”**

A violencia que nas súas diferentes formas se exerce contra as mulleres é un atentado contra a dignidade e integridade física e moral destas, e en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

A violencia de xénero non soamente destrúe vidas, senón que tamén limita a participación na vida pública das mulleres como colectivo, condicionando o exercizo da plena cidadanía por parte destas. Supón uns incalculables e irreversibles costes persoais, sociais e económicos que socaban o desenvolvemento e o progreso dos pobos.

Á violencia de xénero é a expresión dunha orde social baseada na desigualdade das mulleres, que asigna roles diferentes ás persoas en función do sexo e que desvaloriza e subordina o feminino fronte ao masculino. É un fenómeno social que excede aos casos particulares e individuais e arrasa fogares, clases sociais e nacionalidades afectando ás mulleres en todo o mundo.

Na medida que promovamos a igualdade de oportunidades e trato entre os sexos avanzaremos hacia a solución do problema. Neste senso a vontade política e institucional é fundamental para que este fenómeno poida desaparecer. Esta vontade tense que basear ante todo no traballo pola igualdade, que nos levará a unha sociedade onde por fin as mulleres sexan tratadas con respecto, salvaguardando a súa liberdade para desenvolverse como persoa, superando os abusos de poder que de maneira continuada hoxe en día seguen a sufrir.

Os estudos existentes estiman que unha de cada cinco mulleres da Unión Europea sufriu malos tratos algunha vez na súa vida e a nivel mundial, a violencia machista entre mulleres de 15 a 44 anos provoca máis casos de invalidez que as guerras, o cancro, ou os accidentes de tráfico. No que respecta ao noso entorno, según datos do Centro Reina Sofía a 22 de outubro deste ano morreron en España a máns dos seus maridos ou ex parellas 53 mulleres.

Baiona non é axena a esta realidade; a 24 de outubro deste ano hai vixentes 16 órdenes de alonxamento, No Centro de Información á Muller municipal realizáronse este ano 118 consultas sobre malos tratos, e xestionáronse 5 servizos de teleasistencia móbil para mulleres vítimas de violencia.

Estos datos amosan que debemos continuar dando unha resposta contundente a aqueles que maltratan, acosan e asesinan, agresores que deben ter o rexeitamento e a penalización por parte de quenos loitamos contra esa lacra social.

**POR TODO ISTO, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, PROPOÑEMOS :**

- *Suscribir a presente declaración*
- *Manifestar a nosa máis enérxica repulsa á violencia que se exerce contra as mulleres*
- *Expresar a nosa solidariedade coas vítimas da violencia de xénero e as súas familias*



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

- *Comprometernos co resto das Institucións e axentes sociais a seguir traballando pola erradicación da violencia de xénero, procurando a unidade de todos os partidos políticos para combater esta lacra descartando calquera uso partidista.*
- *Impulsar no ámbito das nosas competencias e en aplicación da lexislación vixente, unha política municipal activa, integral e coordinada a favor de igualdade e contra a violencia de xénero*
- *Defender unha sociedade xusta e igualitaria na que mulleres e homes poidamos participar equilibradamente en todos os ámbitos sociais, políticos e culturais da nosa sociedade.*

*En definitiva, COMPROMETERNOS a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións, institucións e administracións de forma coordinada para erradicar esta lacra social.*

---

SR.LORES, PSOE.- Estamos a favor da declaración.

---

O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

---

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

- Suscribir a DECLARACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES "NON MÁIS VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES".

- Manifestar a nosa máis enérxica repulsa á violencia que se exerce contra as mulleres.

- Expresar a nosa solidariedade coas vítimas da violencia de xénero e as súas familias.

- Comprometernos co resto das Institucións e axentes sociais a seguir traballando pola erradicación da violencia de xénero, procurando a unidade de todos os partidos políticos para combater esta lacra descartando calquera uso partidista.

- Impulsar no ámbito das nosas competencias e en aplicación da lexislación vixente, unha política municipal activa, integral e coordinada a favor de igualdade e contra a violencia de xénero.

- Defender unha sociedade xusta e igualitaria na que mulleres e homes poidamos participar equilibradamente en todos os ámbitos sociais, políticos e culturais da nosa sociedade.

En definitiva, COMPROMETERNOS a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións, institucións e administracións de forma coordinada para erradicar esta lacra social.

**6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ALTERACION DA CALIFICACION XURIDICA DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO NA RUA VENTURA MISA, N° 19.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR. RODAL, PP**, quen da lectura da seguinte:

### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**

**Primero.**- El Ayuntamiento de Baiona es propietario de un inmueble sito en la calle Ventura Misa número 19 inscrito en el Registro de la Propiedad nº4, finca registral 7230, folio 28, tomo 197. Asimismo dicho inmueble está incluido en el Inventario del Patrimonio Municipal del Ayuntamiento de Baiona.

**Segundo.**- El Pleno del Ayuntamiento en sesión de fecha 12/12/1994, previa tramitación del expediente correspondiente y de acuerdo con lo previsto en el artículo 109 del Reglamento de bienes de las Corporaciones Locales, adoptó acuerdo de cesión gratuita al Instituto Nacional de Empleo por un periodo de veinticinco años el inmueble de propiedad municipal sito en la calle Ventura Misa número 19 con destino a la instalación en el mismo de la Oficina de Empleo de Baiona, extinguiéndose al concesión si de dedicase a otro uso. Posteriormente de conformidad con el Real decreto 1375/1997, de 29 de agosto, se produjo el traspaso a la Comunidad Autónoma de Galicia de la gestión realizada por el Instituto Nacional de Empleo en el ámbito de trabajo, empleo y formación.

**Tercero.**- En fecha 28/07/2009 el Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Baiona firma con la Secretaria Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda la recepción del local sito en la calle Ventura Misa nº19, con una superficie de 187 m2 por causa del traslado de la oficina de empleo a un nuevo emplazamiento.

**Cuarto.**- El artículo 2 del Reglamento de Bienes clasifica los bienes de las Entidades locales en bienes de dominio público y bienes patrimoniales. Los bienes de dominio público serán de uso o servicio público y los bienes patrimoniales son aquellos que siendo propiedad de la entidad local no estén destinados a uso público ni afectados a algún servicio público y puedan constituir fuentes de ingresos para el erario de la entidad.

**Quinto.**- El artículo 110 del RB señala *"Si los bienes cedidos no fuesen destinados al uso dentro del plazo señalado en el acuerdo de cesión o dejasen de serlo posteriormente se considerará resuelta la cesión y revertirán aquellos a la Corporación Local, la cual tendrá derecho a percibir de la entidad beneficiaria, previa tasación pericial, el valor de los detrimentos experimentados por los bienes cedidos.*

*2. Si en el acuerdo de cesión no se estipula otra cosa, se entenderá que los fines para los cuales se hubieran otorgado deberán cumplirse en el plazo máximo de cinco años, debiendo mantenerse su destino durante los treinta años siguientes.*

*3. Los bienes cedidos revertirán, en su caso, al patrimonio de la entidad cedente con todas sus pertenencias y accesiones."*

**Sexto.**- El artículo 69 de la Ley de Patrimonio de las Administraciones Públicas señala *"Los bienes y derechos demaniales perderán esta condición, adquiriendo la de patrimoniales, en los casos en que se produzca su desafectación, por dejar de destinarse al uso general o al servicio público.*

*2. Salvo en los supuestos previstos en esta Ley, la desafectación deberá realizarse siempre de forma expresa".*

En virtud de lo expuesto y a la vista del informe jurídico de fecha 28/10/2009 propongo a los miembros del Pleno previo dictamen de la Comisión Informativa de Asuntos de Pleno la adopción del siguiente ACUERDO:



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**- Alteración de la calificación jurídica del inmueble de titularidad municipal sito en la calle Ventura Misa núm. 19 procediendo su inclusión en el Inventario Municipal en la categoría de bienes patrimoniales tras su desafectación al finalizar en fecha 28/07/2009 la prestación de servicio público que motivó la cesión del inmueble.**

---

**SR.ESTEBEZ, PSOE.-** Estamos dacordo.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Estamos a favor como non pode ser doutro xeito aínda que adolece un pouco a historia deste inmoible no informe que fixo a señora Secretaria, posiblemente por ser moi nova e non coñecer ben a historia de Baiona; digo isto por ser un inmoible que no seu día mercou o Concello de Baiona, a finca Carvajal, xunto coa casa Carvajal, un importante tema patrimonial que adquirimos no seu día, e podemos ver o importante xogo que dá esta finca, ahí temos o que vai ser o futuro Museo da Navegación, con tódalas súas fincas anexas, onde está o Xulgado de Paz, que fora unha das fincas que se adquirira tamén neste paquete; e por suposto este edificio que contou coa Oficina do INEM ata fai moi pouco e que agora vai a ter un gran destino como é a futura sede da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, que nos parece magnífico que veña para Baiona, e isto é posible grazas a que o INEM, que no seu día se trasladara da rúa Alférez Barreiro para este edificio, agora foi para a zona dos Tendales, que por certo todos sabemos a guerra que nos deu conseguir que o INEM permanecera no casco de Baiona; houbo persoas que intentaron leválo para a zona de Ramallosa, decían que era máis céntrico para Nigrán e para Gondomar, en cambio nós defendimos que o sitio idóneo era nos Tendales porque tamén afecta á zona de Oia, polo tanto nos parece moi correcta esta dirección que se está tomando dende o goberno municipal. Decir simplemente que penso que habería que profundizar un pouquiño máis nos orixenes de como se adquiriu este ben, e citar a sesión na que se adquiriu a finca Carvajal. Polo demáis estamos a favor, como non pode ser doutro xeito.

**SR.ALCALDE.-** Comentar que tivemos unha reunión previa posto que temos unha petición do grupo de Acción Costeira para que haxa unha sede en Baiona, que afecte ós Concellos dende Moaña ata A Garda; están buscando unha sede e estamos vendo a posibilidade de que tamén estén no edificio do INEM; falamos xa cos Alcaldes da Mancomunidade e lles parece boa idea; sería interesante posto que durante 4 anos teremos aquí ós técnicos contratados deste grupo de Acción Costeira e se farán unha serie de proxectos; pode ser moi interesante. Neste momento se está a falar desa posibilidade xa que hai espazo físico para que coincidan a Mancomunidade e o grupo de Acción Costeira, e poderemos sacarlle moito rendimento a ese local.

---

**O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

---

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**- A alteración da calificación xurídica do inmoible de titularidade municipal sito na rúa Ventura Misa núm. 19 procedendo a súa inclusión no Inventario Municipal na categoría de bens patrimoniais trá-la súa desafectación ó finalizar en data 28/07/2009 a prestación do servizo público que motivou a cesión do inmoible.**

**7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO DO P.P. RELATIVA A REFORMA DO GOBERNO LOCAL E A SUA FINANCIACION.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR. RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

### **MOCION RELATIVA A LA REFORMA DEL GOBIERNO LOCAL Y SU FINANCIACION**

Los portavoces de los grupos municipales del Partido Popular y de Coalición Miñorana del Ayuntamiento de Baiona, al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento e Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formulan, para su discusión y en su caso aprobación en Pleno Ordinario la siguiente

### **MOCIÓN**

Desde que en noviembre del año 2004 la Federación Española de Municipios y Provincias aprobara la Carta de Vitoria, con motivo del 25 aniversario de los Ayuntamientos Democráticos, y demandaba "un nuevo Estatuto del Gobierno Local", dentro de los principios de autonomía local contenidos en la Carta Europea de Autonomía Local, que contemplara, entre otras materias, el "ámbito competencial propio" de los municipios, provincias e islas y su conexión con los "medios adecuados para ejercitarlas", mucho se ha hablado y escrito sobre la materia: compromisos electorales de los Partidos Políticos, resoluciones de Congreso, Senado y Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas; mociones aprobadas en Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consejos Insulares, declaraciones del Presidente del Gobierno y sus Ministros, etc.

Todo ello contenía un denominador común; la imperiosa necesidad de elaborar y aprobar una nueva legislación en materia de Gobierno Local, la adecuación de su financiación en función de las competencias asumidas y la necesidad de que este nuevo modelo de financiación de las Entidades Locales se realice de manera urgente y simultánea al de las Comunidades Autónomas; y todas ellas desoídas o incumplidas por quien tiene la responsabilidad de gobierno: el Gobierno socialista del Sr. Rodríguez Zapatero.

Sería larga la lista de promesas e incumplimientos que en este tiempo se han venido produciendo en materia de financiación local; basta con señalar el contenido del Programa Electoral con el que el hoy Presidente del Gobierno concurrió a las Elecciones Generales del año 2004 y adquirió, entre otros, un compromiso para la "elaboración de un nuevo modelo de Financiación Local más justo y estable, que garantice la suficiencia financiera, el equilibrio y la convergencia territorial, la autonomía y la estabilidad de las haciendas locales".

El PSOE, en su Programa Marco elaborado con motivo de las Elecciones Municipales y Autonómicas de año 2007, insistió sobre esta materia y se comprometió a "impulsar la reforma de la Financiación Local a la vez y en coherencia con la reforma de la Financiación Autonómica" (pág. 11); y al referirse al cumplimiento del Gobierno con los Ayuntamientos, y "fruto del diálogo con los Ayuntamientos y la FEMP" afirmaban haber asumido "abordar de forma simultánea la financiación Autonómica y la Municipal" (pág. 138).

El Presidente y otros miembros del Gobierno han insistido en numerosas ocasiones sobre esta línea de actuación. Sirvan como ejemplos la intervención realizada por el Sr. Rodríguez Zapatero con motivo del debate de investidura, celebrado tras las Elecciones Generales del año 2008, en la que refiriéndose a la financiación local afirmó que "además del nuevo sistema de financiación autonómica es necesario abordar la discusión de la situación financiera de las entidades locales y su necesaria reforma", concluyendo con que su situación financiera "requiere una reforma más estructurada vinculada a la del sistema general de financiación autonómica"; o las palabras del anterior Vicepresidente segundo y Ministro de Economía, en la sesión plenaria celebrada por el Congreso de los Diputados el 11 de



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

junio de 2008, cuando afirmó que "durante la anterior legislatura comprometimos con la FEMP que la reforma de la financiación local se haría en paralelo con la reforma de la financiación autonómica".

Ni los compromisos adquiridos pueden ser más expresivos, ni las actuaciones llevadas a cabo por el Gobierno del Sr. Rodríguez Zapatero pueden ser más contradictorias y decepcionantes.

Sin ir más lejos, y una vez que el Gobierno ya ha cerrado en el seno del Consejo de Política Fiscal y Financiera el nuevo modelo de financiación autonómica y próximamente aprobará el proyecto de Ley que lo aplicará, el Vicepresidente tercero y Ministro de Política territorial anunció el pasado 21 de julio, que antes de 2011 no habrá un nuevo modelo de financiación local.

Esta decisión del Ejecutivo es absolutamente injusta y pone en serio riesgo la capacidad de financiación de las competencias municipales y la prestación de los servicios públicos y sociales que demandan los ciudadanos. Las haciendas locales están viéndose seriamente afectadas por el efecto de la crisis económica en la evolución de la recaudación y en el incremento de los gastos asociados al funcionamiento del Estado de bienestar en tiempos de crisis. Tanto es así que determinados ayuntamientos se están viendo obligados a realizar Expedientes de Regulación de Empleo.

Así las cosas, es necesario insistir al Gobierno sobre el urgente cumplimiento de la Moción aprobada por una amplia mayoría de los miembros del Congreso de los Diputados, en la sesión celebrada el 24 de junio de 2008, en materia de financiación local, y ampliar sus contenidos para dar una más amplia respuesta a las demandas del municipalismo.

El Gobierno debe de cumplir con sus compromisos y presentar ante la Cámara, de forma simultánea a la reforma de la financiación autonómica y en el marco de negociación con los partidos políticos representados en la Federación Española de Municipios y Provincias, la reforma del gobierno local y el nuevo modelo de su financiación.

A la tardanza en acometer esta reforma se suma la irresponsable política presupuestaria del Gobierno, que va a provocar que los Ayuntamientos tengan que devolver parte de las entregas a cuenta adelantadas por el Ministerio para el ejercicio 2008.

El exceso de optimismo y la voluntad de ocultar la situación real de la economía por parte del Gobierno ha provocado que los dos últimos Proyectos de Ley de Presupuestos elaborados por el ejecutivo estuvieran especialmente fundamentados en unas previsiones macroeconómicas irreales.

Dichas previsiones permitieron al Gobierno contemplar en los Presupuestos Generales del Estado para 2008 y 2009 unas estimaciones de ingresos que se han mostrado muy superiores a la realidad.

Así, en 2007, el Gobierno estimó un crecimiento de los ingresos no financieros en los Presupuestos Generales del Estado para 2008 del 5,1%, mientras que según los datos oficiales de liquidación de la Intervención General de la Administración del Estado, se redujeron más de un 11%, suponiendo una merma de ingresos con respecto al total presupuestado de casi 29.000 millones de euros.

De igual forma, para 2009, el Gobierno estimó un crecimiento de los ingresos no financieros del Estado de 0,8% con respecto al avance de liquidación del ejercicio anterior, y, según los últimos datos oficiales, los ingresos no financieros se están reduciendo más de un 12% con respecto al mismo dato del año anterior.

Estas previsiones optimistas de ingresos permitieron al Gobierno adelantar unos anticipos a las Entidades Locales muy superiores a los que corresponderían en caso de haber realizado una previsión real.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Las Entidades Locales realizaron sus presupuestos anuales en base a dichas previsiones optimistas de ingresos, y comprometieron gasto atendiendo a los recursos facilitados por las entregas a cuenta del Ministerio de Economía y Hacienda.

Una vez realizada la liquidación definitiva de 2008, cuyo resultado es negativo, Entidades Locales, así como las Comunidades Autónomas se verán obligadas a reintegrar parte de los ingresos a cuenta recibidos por el Estado por no haberse cumplido sus previsiones de recaudación.

Así, atendiendo a las declaraciones de la Vicepresidente Segunda del Gobierno y Ministra de Economía y Hacienda, las CCAA tendrán que reintegrar 6.000 millones de euros al Estado en concepto de liquidación definitiva negativa del ejercicio 2008.

Al igual, las Entidades Locales se verán obligadas a reintegrar parte de los ingresos a cuenta recibidos por el Estado por no haberse cumplido sus previsiones de recaudación. Sin embargo, mientras que las CCAA, en virtud del nuevo acuerdo para la reforma del modelo de financiación, dispondrán de un plazo de mora de un año, y podrán periodificar la cancelación de la deuda en cuatro años, las Entidades Locales estarán sujetas al sistema ordinario de liquidación.

Esta distinción entre unas y otras Administraciones Territoriales resulta completamente injusta y pone en riesgo la capacidad de las Entidades Locales de afrontar los gastos de las competencias, en gran parte de contenido social, que vienen ejerciendo.

Por todo ello, los Grupos Municipales del Partido Popular y Coalición Miñorana proponen al Pleno del Ayuntamiento de Baiona, la aprobación de los siguientes acuerdos:

**PRIMERO.-** Reclamar al Gobierno de España que remita a la Cámara, de manera inmediata y simultánea con la presentación del proyecto de Ley que aplicará el nuevo modelo de financiación autonómica, los correspondientes proyectos de ley de Gobierno Local, que defina su marco institucional y competencial, y de Financiación Local, que responda a los principios de autonomía y suficiencia de las Entidades Locales, permitiendo así hacer efectivo el contenido del Capítulo Segundo del Título VIII de la Constitución, y la financiación adecuada de servicios públicos básicos que prestan.

**SEGUNDO.-** Exigir al Gobierno de la Nación que aplique transitoriamente a las Entidades Locales el sistema de moratoria en el reintegro de las liquidaciones negativas de ejercicios anteriores que se va a aplicar a las Comunidades Autónomas de régimen común a raíz del reciente acuerdo para la reforma del modelo de financiación autonómica.

**TERCERO.-** Dar traslado de estos Acuerdos al Presidente del Gobierno, a la Vicepresidenta Segunda del Gobierno y Ministra de economía y Hacienda, al Vicepresidente Tercero del Gobierno y Ministro de Política Territorial y a los Portavoces Parlamentarios en el Congreso y Senado.

---

**CONTINUA.-** Creo que en estos 3 últimos puntos queda muy clara la petición desde el equipo de gobierno; es una petición que hemos reiterado sucesivas veces; creemos que la financiación debería ir a la par, tanto local como autonómica, y como he leído anteriormente la financiación autonómica sí tiene sus bases y en cambio la local no las tiene; así como también el tema de la demora en esas cantidades que tenemos que devolver; creemos que es una petición totalmente justa; en el pleno anterior ya llevamos una Moción urgente



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

basándose un poco en lo mismo; desde el Partido Popular creemos que es lógico que toda la Corporación Municipal apoye esta Moción.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.**- Ya lo adelantabamos en la Comisión Informativa; es decir, en este tema hay un consenso, de todos los grupos de este Ayuntamiento y creo que en el Parlamento Español; y claro que es necesario un nuevo modelo de financiación local; y por supuesto también estamos de acuerdo en el tema de la moratoria, en este caso, de este año; lo que no entiendo es cómo hacen ustedes este planteamiento con 4 folios de demagogia ó de oportunidad política donde obviamente ustedes no buscan ni el consenso ni nuestro apoyo; es imposible que el planteamiento, los argumentos económicos ó no económicos, se basen en un ataque directo y frontal a una política económica; como dice en la moción, a partir de la página 2: "necesidades desoídas o incumplidas del Gobierno Socialista del Sr.Rodríguez Zapatero", ó "actuaciones del Sr.Zapatero contradictorias y decepcionantes", ó "decisiones injustas", "pone en pelgro el estado de bienestar"; realmente es inaceptable que busquen el apoyo de los grupos municipales de este Pleno.

En el fondo, ya lo decíamos en el Pleno anterior, en la moción anterior de hace un mes, por supuesto que existe un consenso nacional sobre el nuevo modelo de financiación local. Nosotros queremos proponer que se retire esta Moción y se haga una declaración institucional de apoyo a la moción de la FEMP, que ustedes ya sacaron en el Pleno pasado de septiembre, y que en su punto 3º lo que hace es que se quiera hacer un debate paralelo en el debate presupuestario que está ahora en el Parlamento Español y donde todos los municipios por consenso, y todos los grupos políticos también por consenso, lo que piden es, en el tema de la financiación local, que mientras no exista un nuevo modelo (que se espera que se debata en el 2010) pues que se solicita y se hagan las enmiendas correspondientes en el debate presupuestario nacional que es elevar las entregas a cuenta del 95 al 98%, elevar el límite de endeudamiento del 110 al 130%, la flexibilidad de la estabilidad presupuestaria con aplicación del 0,3% del PIB al Presupuesto inicial del 2010, un régimen especial de aplazamiento y fraccionamiento de la deuda de 1.500 millones con devolución en 6 años con 2 años de carencia, modificación de la base imponible del Impuesto sobre el valor de los terrenos de naturaleza urbana, la liquidación del presupuesto con remanente de Tesorería negativa con la modificación del artículo 193 del TRHL, y la revisión de los valores catastrales con la modificación del artículo 28.3 del RD 1/2004 que aprueba el texto refundido de la Ley de Catastro Inmobiliario; esta es nuestra propuesta. Creo que ustedes ya hablaron de esta moción, de la FEMP, en el Pleno pasado, sobre destinar del Plan E el 60% de gastos corrientes, y que en su punto 3 esta moción establece lo que acabo de leer.

Nosotros lo que proponemos es que esta Moción busque el consenso, no el enfrentamiento ni la demagogia política, y lo que hagamos sea una declaración institucional de todos los partidos políticos para apoyar el consenso existente ahora mismo a nivel nacional.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Como decía o compañeiro do PSOE esta moción é máis un ariete político cunha moción adicada a chegar a un consenso. En todo caso, dende o noso punto de vista político, sí queremos incidir en que aínda que estemos dacordo no fondo da cuestión dos acordos que aquí se presentan, sí discrepamos da forma en que se fan; en todo caso, entendemos que o financiamento local, dende o Goberno do Estado, debера ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación; isto non está recollido así agora mesmo. En todo caso o que sí me alegra é que o PP recoñeza que tal cal está facéndose agora mesmo, e se leva feito estes últimos anos, o financiamento das Administracións Locais deu o resultado que deu, é decir, que ata o PP está en contra a pesares de que foi o goberno do PP con maioría absoluta do Sr.Aznar quen sacou esta lei adiante. Vamos apoiar a petición do PSOE de retirar esta moción porque non creemos que esté axeitada para chegar a un consenso.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Independentemente das consideracións que se fan aquí de que si a moción se axusta ou non e das diferentes ideoloxías presentes nesta Cámara, eu teño moi claro que nós



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

sempre vamos a votar a favor do que sexa potenciar a Administración Local; a Administración Local, que é a máis importante do Estado, pola cercanía cidadana; porque coñece os problemas de forma directa mellor que ningunha; é a que sofre máis que ningunha todo o que é financiación; existen administracións intermedias que se levan a maior parte dos fondos procedentes do Estado; carecemos cada vez máis de autonomía para tomar acordos e moitas veces moitos problemas nos veñen aquí herdados de decisións que se toman sen coñecer a nosa realidade territorial, e todos sabemos os grandes problemas que ten a Administración Local, pero non só a nivel de financiación senón a nivel de autonomía; para mín todo isto vense lastrando e dá a impresión de que cada vez se lle sacan máis competencias ós Concellos; e nós, de feito, estamos irmanados con pobos de Portugal e de Francia, incluso con menos habitantes que nós, e manexan presupostos 5 veces maiores e con moita máis capacidade de inversión; todo isto para nós é lamentable. Entendemos que a Administración Local é a gran perxudicada, e tódalas medidas que sexan tendentes a potenciála nós as apoiaremos sempre independentemente das consideracións políticas, que, por outro lado, é lóxico que as haxa, non pasa nada, hai que sacarlle ferro ó asunto, pero sí que é necesaria unha reforma a fondo.

Quixera decirlle ó Sr.Estévez que non vale tampouco que do Plan E se destine a gastos correntes unha cantidade, non, iso é un parche; o importante é que se vaxa facendo de maneira periódica en tódolos exercicios presupostarios e que as Administracións locais dispoñamos dos fondos necesarios para facer as nosas inversións de xeito directo, e sobre todo ter máis autonomía dos Gobiernos autónomos, que por certo: autónomos para eles, porque aos Concellos cada vez lles restan máis competencias, non ceden ningunha; sempre nos están falando de ceder competencias aos Concellos pero aquí nadie cede competencias; dá a impresión de que os Concellos somos unha especie de apestados que estamos ahí ós que hai que estar controlando e fiscalizando, cando somos os que estamos máis cerca dos cidadáns e vivimos a realidade. Votamos a favor deste tema aínda que son bastante escéptico, despois de moitos anos na política local, de que nos vaian a facer caso.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da retirada da Moción, a petición do PSOE e do BNG, resultando: votos a favor da retirada, 7 (5,PSOE, 2,BNG), votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a petición de retirada da Moción, abríndose ó segundo turno de intervencións.**

---

**SR.RODAL, PP.-** Este modelo de financiación local se vuelo a posponer, como todos ustedes saben, outra vez máis, en este caso hasta el 2011, como muy pronto; creo que todos los que intervenimos aquí estamos de acuerdo en que sí tiene que haber un nuevo modelo de financiación local. Con respecto a lo que decía el Sr.Estévez de que esta moción es exactamente igual, creo recordar que dijo el punto 3º, de la FEMP, decir que tienen similitud pero no son iguales; creemos que debemos presentar esta Moción y se tiene que votar porque no es igual que la anterior; desde el PP, desde el equipo de gobierno, le podemos decir que si desde el PSOE creen (como muy bien comentó, yo no pude leer antes las 6 páginas de la moción), si creen que parte del texto no está acorde ó hay algún apartado que hay que retirar, lo podríamos comentar. Muchas gracias.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Sí: las páginas 2, 3, 4, y 5; enteras.

El debate sobre la moción creo que sobra; la oportunidad de consenso de la Corporación Municipal de Baiona no se lleva a cabo; ustedes aprobarán esta Moción con la oposición en contra y realmente para nosotros es una pena porque en un tema donde realmente vemos la necesidad y vemos esa situación, y entendemos perfectamente que no sea un debate paralelo el nuevo modelo de financiación autonómica que va a aprobarse con el modelo de financiación local, la situación económica impide absolutamente esos 2 modelos a la vez, esos 2 cambios a la vez; y que se haya anunciado que en el año 2010 sí que habrá ese debate de financiación local; y lo que nosotros le acabamos de proponer es unicamente que se apruebe,



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

o se apoye, un debate que está existiendo ahora en el Parlamento Español, y que el PP obviamente también apoyará, en esta Moción de la FEMP; aparte de que ustedes utilizaron esa unanimidad hace un mes.

Sobre el tema de las Administraciones, Sr.Vilar, todos podemos tener diversas opiniones y diversos modelos de Estado, pero ese no es el debate; el debate aquí es sobre una Moción política realmente basada en la demagogia y en no buscar un consenso, consenso que sí existe pero que desde este Ayuntamiento no se busca ni se va a conseguir en este aspecto; por ello, nuestra oposición frontal y tajante al contenido de esas páginas de la moción política tanto del PP como de CMÑ.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Antes de nada quixera trasladar a nosa felicitación á concelleira de Cultura polo “Premio María Moliner” que recibíu a Biblioteca; nos enteramos o día de hoxe; a nosa felicitación a vostede e ó equipo que ten na Biblioteca que creemos que é de primeira categoría.

En canto ó mensaxe sublimar que nos mandou o Sr.Vilar co apoio á creación dunha nova República en España, xa que dende a súa postura a República portuguesa e a francesa teñen un sistema moito mellor que o noso, pois o teremos en conta de cara ó futuro.

Volvendo á moción, decía ó principio que o texto da Moción era un auténtico ariete en canto á moción en sí, e nos acordos tamén discrepabamos; decíamos ó principio que se debía ter en conta un maior custo dos servizos en Galiza derivado á dispersión dos núcleos e ó envellecemento da poboación, pero tamén no punto 1º nos decían: “Reclamar al Gobierno de España que remita a la Cámara, de manera inmediata y simultánea con la presentación del proyecto de Ley que aplicará el nuevo modelo de financiación autonómica”, isto carece de sentido, carece de sentido por un simple motivo: o proxecto de Lei de financiamento autonómico xa está acordado, aprobado polo Consello de política fiscal e financeira, e soamente falta a entrada do texto articulado no Congreso dos Deputados, cando a futura reforma do financiamento local non existe nin tan siquera en borrador; polo tanto, non lle vemos sentido a este punto.

Non vamos a apoiar esta Moción xa que non estamos dacordo co texto, sí no fondo, de que hai que facer unha reforma do financiamento, pero non da maneira en que se plantexa por parte do PP. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Entendemos que realmente o que existe son pequenas diferencias políticas, lóxicas, que non deberían romper o consenso da Moción.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 7 (5,PSOE, 2,BNG).**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Reclamar ó Gobierno de España que remita á Cámara, de maneira inmediata e simultánea coa presentación do proxecto de Lei que aplicará o novo modelo de financiación autonómica, os correspondentes proxectos de lei de Gobierno Local, que defina seu marco institucional e competencial, e de Financiación Local, que responda ós principios de autonomía e suficiencia das Entidades Locais, permitindo así facer efectivo o contido do Capítulo Segundo do Título VIII da Constitución, e a financiación adecuada de servizos públicos básicos que prestan.

**SEGUNDO.-** Esixir ó Gobierno da Nación que aplique transitoriamente ás Entidades Locais o sistema de moratoria no reintegro das liquidacións negativas de exercicios anteriores que se vai a aplicar ás Comunidades Autónomas de réximen común a raíz do recente acordo para a reforma do modelo de financiación autonómica.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**TERCEIRO.-** Dar traslado destes Acordos ó Presidente do Goberno, á Vicepresidenta Segunda do Goberno e Ministra de Economía e Facenda, ó Vicepresidente Terceiro do Goberno e Ministro de Política Territorial, e ós Portavoces Parlamentarios no Congreso e Senado.

**8.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA O CARRIL BICI ENTRE RAMALLOSA E BAIONA.**

**SR.LORES, PSOE.-** Como xa se tratou na Comisión Informativa e foi aceptada por tódolos grupos, este cambio especifica máis a extensión do carril-bici, estamos totalmente a favor, por suposto; simplemente dicir que nos sorprende, para ben, este cambio por parte do equipo de goberno de estar a favor de que se faga este estudo; entendemos que agora, con este novo Plan E, pode incluso ser un proxecto que se poida presentar porque está dentro das inversións previstas neste Plan, é posible metélo no aspecto de mobilidade. Tamén nos sorprende un pouco que se incluíra esta Moción sen haber consultado antes co Partido Socialista xa que foi o promotor da mesma. Non temos nada en contra da Orde do Día, e xa sabemos que o goberno ten maioría para deixála enriba da Mesa e tamén ten maioría para facer a Orde do Día, pero pensamos que deberían habéno-lo dito antes simplemente por un tema de cortesía, estaríamos totalmente a favor.

Esta moción xa foi debatida no anterior Pleno, tódolos grupos manifestamos o que quixemos e o que queríamos desta infraestrutura, polo tanto non teño nada máis que dicir, agradecer o apoio de tódolos grupos na C.Informativa, e agora pedir o apoio do Pleno para esta Moción. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** A Moción quedara encima da mesa, por iso a levamos á Comisión Informativa e alí pedimos unha modificación que foi aceptada por vós. Moitas grazas.

**SR.RODAL, PP.-** Ustedes presentaron esta Moción hace dos Plenos, en ese momento quedó encima de la mesa porque dijimos que no estaba suficientemente trabajada y comentamos que en el siguiente Pleno se iba a llevar una Ordenanza reguladora de ciclistas y peatones, lo que se hizo el Pleno pasado, y se aprobó; ahora volvemos a traer esta moción con unas modificaciones realizadas en la Comisión Informativa, por lo tanto desde el PP estamos totalmente de acuerdo. Ojalá que sí podamos hacer esa separación como se comenta aquí, que el carril actual dé para ser un carril doble con las medidas pertinentes (yo siempre comento que ahora mismo tiene 1,50 en parte de su trayecto), y también que tenga una separación (como señalan en su moción) con los peatones. Todos estamos de acuerdo; en el Pleno anterior se debatió bastante el tema de la Ordenanza de Circulación y todos entendemos que es para tener la mejor calidad tanto de nuestros vecinos como de los turistas que nos visitan, que son muchos, ahora apoyaremos esta moción; muchas gracias.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Estamos dacordo e creemos que ademáis a Corporación debe participar unha vez se faga o primer esbozo do proxecto, activamente, nese proxecto que nos van a presentar, xa que ninguén mellor que nós que vivimos neste pobo sabemos o que queremos para o noso pobo. Cada ún aportará as suas ideas, a sua experiencia, e o seu coñecemento do lugar; xa falamos o outro día das circunstancias especiais que ten Baiona por ter mar, e como se debe desenvolver un proxecto deste tipo ó longo da costa para que haxa a menor incidencia posible; esperemos que ó final se poida levar a obra adiante e teñamos un carril bici en debidas condicións, e ademáis o paseo. Polo tanto, pola nosa parte, vamos apoiar outra vez esta moción.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Apoiamos esta moción; xa na Comisión o equipo de goberno fixo algunha suxerencia de extender este proxecto de carril bici entre o Paseo Pinzón e a zona do Rompeolas, e me gustaría aportar un pouco a experiencia que teño nestas xestións con Costas do Estado. Este Organismo de Costas do Estado, que ten a sua sede en Madrid, en



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Novos Ministerios, as veces descoñece bastante a realidade da nosa costa, e llo digo por propia experiencia como cando xestionamos alí proxectos como o do actual paseo litoral dende a zona da Ladeira ata o Rincón de Pepe, ou a zona da Avenida de Monterreal dende Santa Marta ata Baiona; moitas veces hai que ir alí e explicarlles en qué consisten estes estudos, estes proxectos, e sobre todo sensibilizálos de que eles non nos poden dar solucións, porque é moi habitual en Costas do Estado decir que usemos as estradas litorais como paseos e que levemos pola parte de arriba os paseos, o que en Baiona é practicamente imposible; por iso me gustaría que tomáramos moi en serio esta Moción, e incluso lle suxeriría ó Presidente que solicite unha entrevista en Madrid dos diferentes portavoces co Director Xeral de Costas, que nos reciba, e estou seguro que entre tódolos grupos poderemos aportar ideas. Esta experiencia xa lla practicamos nós cando foi o tema da praia Ladeira, ou cando foi o tema do paseo da Avenida Monterreal; é un pouco defender alí o que todos nós pensamos; que non vexan que é unha cuestión partidista senón que é unha cuestión de toda a Corporación de Baiona para mellorar o noso entorno litoral; para mín iso é fundamental; e a partir de ahí ter un estudio, ter un proxecto, e pelexar por él. Estou convencido de que os políticos pasamos, pero as obras quedan; esta é unha moción para traballar e a aprobamos co convencemento de que hai que dar pasos para intentar conseguir o mellor resultado, iso é fundamental; e ún deses pasos é ir a Madrid a explicarlle á Directora Xeral de Costas, que ao mellor descoñece a nosa realidade, cal é o punto de vista da Corporación Municipal de Baiona. Estamos totalmente a favor desta moción e dispostos a traballar por ela.

**SR.LORES, PSOE.-** Agradecer o apoio; entendemos que si é unha moción moi importante para Baiona; respecto á suxerencia do Sr.Vilar de ir a Madrid, posiblemente con que vaia o Alcalde seguramente será suficiente; podemos estar todos dacordo, se verá no seu momento. Sr.Rodal, vostede dixo que agora ven máis traballada esta moción; eu quero decirlle que foi unha magoa que no último Pleno non houbera dito que simplemente pondo "extendéndose ata o Rompeolas" con iso xa estaba, foi unha pena porque poderíamos aprobála. Agradecer o apoio para este proxecto que indudablemente vai ser de tódala Corporación, aínda que fora a proposta do PSOE. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** Podemos solicitar aínda máis arriba porque temos a sorte de que a Ministra é galega, de Ourense, e residente en Vigo dende fai moitos anos; a verdade é que xa falei varias veces coa Directora Xeral, Dna.Alicia Paz, coñece a realidade de Baiona, según me dixo, pero non ten moito interés por Baiona, de feito Costas do Estado no último ano está facendo inversións moi importantes na provincia de Pontevedra: no Concello de Vigo está facendo o paseo de Teis, de moitos millóns de euros, e creo que vai facer a reordenación de Samil (polo menos está anunciada), vai invertir 4 millóns e medio de euros na Garda nun paseo, vai a facer unha inversión tamén en Nigrán; por certo, Dna.Alicia Paz estivo na Garda fai 15 ou 20 días, e quedan so dous Concellos que teñen litoral e que parece que non teñen costa do Estado: son Oia e Baiona. Polo tanto, vamos a intentar reafirmar iso, se nos dá cita mellor, e senón cando veñan aquí poderán visitálo e invertir unha parte; non queremos 4.500.000 euros, penso que con bastante menos se pode arranxar algo, pero nos gustaría que tiveran sensibilidade con Baiona, por iso pediría ós representantes socialistas que poidan ter un enlace directo coa Ministra ou coa Directora Xeral, creo que os seus fillos o agradecerían.

---

**O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

---

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, aproba-lo seguinte ACORDO:**

- **Que se redacte un proxecto de ampliación do carril – bici e paseo do litoral entre Ramallosa e Baiona, extendéndose ata o Rompeolas, cunha anchura**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

suficiente para que poidan circular dúas bicicletas en sentidos opostos e cunha separación física entre o paseo e Carril – Bici.

- Que se firme un convenio entre o Concello de Baiona, Costas do Estado e outras Administracións para realizar dito proxecto.

**9.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA O NOVO HOSPITAL DE VIGO.**

O SR.FERNANDEZ, BNG, procede á lectura da seguinte MOCION:

**MOCIÓN SOBRE O NOVO HOSPITAL DE VIGO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A atención hospitalaria para os máis de 600.000 habitantes que viven na Área Sanitaria de Vigo comezou a ser deficitaria nos anos 80 cando, coa inauguración do Hospital do Meixoeiro, constatouse que este xa era insuficiente para atender a toda a poboación que non podía ser atendida no Hospital Xeral.

Dende entón os partidos políticos, sindicatos, asociacións veciñais e colectivos integrados na Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública iniciamos a demanda dun Novo Gran Hospital para a Área Sanitaria de Vigo, que rematase coa dispersión da atención en catro centros (un deles privado) con recursos insuficientes e que non daban resposta ás necesidades da poboación dunha das zonas máis puxantes tanto social como economicamente de toda Galiza.

Despois de moitos avatares o anterior goberno da Xunta de Galiza deu os pasos necesarios para dar satisfacción a esa demanda de toda a cidadanía e asumiu a construción do Novo Hospital, realizándose o proxecto arquitectónico e consensuando con todos os colectivos e profesionais un plan funcional para a posta en marcha do Novo Gran Hospital.

Esta nova infraestrutura sanitaria ía contar con 1.465 camas, o que permitía atender a toda a poboación da área, incorporaba recursos de alta tecnoloxía sanitaria como centro investigador e ía a ser centro de referencia para patoloxías como o cancro. Este hospital evidentemente era público e os cartos para o seu financiamento estaban na Sociedade Publica de Investimentos (SPI).

Coa chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza, todo o acordado queda en entredito e envolto nun mar de dúbidas que nin a conselleira de Sanidade nin o presidente da Xunta son quen de aclarar dunha vez por todos á cidadanía.

Fálase de financiamento e xestións privadas, de redución de camas, de modelo multihospital, de varias portas de urxencias, de manter concerto singular con POVISA, pero en ningún momento se fala de Hospital de referencia, con altas prestacións, onde sexa atendida toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo.

Por isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1- Instar a Xunta de Galiza que a financiación e a xestión do novo Hospital de Vigo sexan totalmente públicas.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

- 2- Que se manteña o mesmo número de camas que tiña previsto o goberno bipartito, para atender a toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo.
  - 3- Que o Novo Hospital estea dotado de todos os servizos mantendo o seu carácter estratéxico e a dotación prevista para a unidade de investigación.
  - 4- Que se manteña o carácter estratéxico do Hospital do Meixoeiro como hospital oncolóxico de referencia para todo o sur de Galiza.
- 

**CONTINUA.-** Esta é unha moción que presentamos no Concello de Baiona debido ás inquietudes que se están palpando na poboación; somos ún dos Concellos afectados por esta decisión do Goberno da Xunta, e creemos que a preocupación na vecindade é palpable habida conta de que o xóves pasado se pudo ver en Vigo unha gran manifestación onde estaban miles de persoas, entre eles eu e moitos máis políticos de tódala area afectada, a máis de varios partidos políticos; foi unha clara mostra da preocupación que existe na cidadanía e polo tanto pedimos o apoio para esta moción.

**SR.RODAL, PP.-** Creo que todos estamos de acordo; el Sr.Fernández nos hablaba de los 600.000 habitantes que viven en el area sanitaria de Vigo; desde el equipo de gobierno ya presentamos una moción de apoyo para la creación de una Unidad Especial de atención a grandes lesionados medulares dentro de este futuro hospital, creo que ya fué hace año y medio; estamos hablando de un gran complejo hospitalario que contará con 5 edificios, con un coste aproximado de unos 250 millones de euros, y que tendrá una gestión global pública, Sr.Fernández; la gestión sanitaria será totalmente pública y después habrá seguramente servicios externos como está ocurriendo en otros hospitales; servicios como lavandería, aparcamiento, centralita, limpieza, etc., como pasa en nuestro Ayuntamiento donde toda la gestión es pública pero tenemos algún servicio como es el de reciclaje que es una gestión privada, aunque esa gestión la coordinamos desde el Ayuntamiento.

Decir que la Consellería de Sanidad del nuevo Gobierno de la Xunta solamente lleva 9 meses trabajando, cuando en los 4 años que estuvieron ustedes que yo sepa encargaron 4 auditorías, presentaron 7 maquetas, pero no se hizo nada más, no pusieron ni una piedra, cosa que normalmente, como mínimo, sí se hace. Ustedes en 4 años no hicieron nada de gestión; ahora mismo, en 9 meses que cumplirá este nuevo Gobierno, el día 31 de diciembre, creo que ya va a estar licitada la obra y se cree, por esta gestión, que posiblemente esté casi finalizado en esta legislatura de la Xunta porque quedan 3 años y se cree que el hospital estaría finalizado en 4 años.

Al final, esta area que usted comentaba de 600.000 habitantes, area sanitaria en la cual estamos inmersos, contará con unas 2.000 camas, con este nuevo hospital, Meixueiro, e Nicolás Peña, y las personas que entienden de la materia dicen que esas 2.000 camas podrán dar un servicio actual y de futuro perfecto para toda esta area.

**SR.LORES, PSOE.-** Nos parece moi oportuna esta moción nestes momentos en que se está a construír, se está a proxectar un novo hospital, unha nova infraestrutura sanitaria para a area de Vigo pero que fundamentalmente nos afecta ós Concellos do Val Miñor; polo tanto, que por parte dos distintos Concellos se inste á Xunta, que teña unha sensibilidade sobre todo en garantir a calidade do servizo, parece que é algo importante; tódolos Concellos deberíamos facélo.

Entendemos que o traballo que se fixo anteriormente, Sr.Rodal, creo que da pé a que agora se poida achegar a realizacións con máis prontitude, de feito non se poden negar tódolos estudos e proxectos que se fixeron no último Goberno e que dán pé a que este Goberno actual teña xa enriba da mesa algúns traballos previos realizados que poden axilizar esta infraestrutura.

Dá a impresión, aínda que de momento tampouco hai datos moi concretos, de que se prevee que vai a baixar un pouco bastante a calidade do servizo sanitario, que o único que o pode garantir é por suposto o Goberno da Xunta, e que parece que é oportuno sensibilizar nestes momentos en que o número de camas non debe baixar; sobre todo, que o tema de investigación



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

e docencia universitaria se siga mantendo neste novo hospital, e que sexa tamén un centro estratéxico para a zona. Esta é unha moción que presenta o BNG pero que pode ser asumida por tódolos grupos porque é unha moción de sensibilización e non é unha moción en contra de ninguén. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Como ben dixo Angel Rodal creo que se presenta un razoamento bastante realista; non hai que olvidar que o Alcalde é bastante especialista na xestión deste tipo de centros; eu confío plenamente no que nos dixo na Comisión Informativa, sobre todo a visión que se deu de como debe funcionar un hospital. Esta comarca necesita un gran centro de referencia, un gran centro ligado incluso á Universidade de Vigo, penso que habría que estudiálo, pero este tema xa nos escapa a nós, serán debates que se farán no futuro dentro da organización.

En canto a que a xestión sexa pública e privada penso que o importante é que funcione e que se faga o antes posible, de nada vale que digamos que sexa de xestión pública si ese hospital ao mellor non vai a estar listo ata o ano 2020 cando realmente si é de xestión mixta pois se acelerará moito antes a construción, para nós isto é fundamental. Creo que estas mocións teñen moito contido político e habería que ir a mocións máis constructivas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Non sei si estamos falando da mesma historia, vostede fala de 2.000 camas e me imaxino que será sumando tódalas que existen agora, en todo caso eu lle podo asegurar que os informes que teño aquí encima da mesa dicen que o anterior proxecto contaba con 1.757 camas, no proxecto do bipartito, e o proxecto que presenta o PP saca 1.465 camas; é dicir, 350 camas menos. En todo caso é curioso que a diferenza que hai dun proxecto a outro de 350 coincida coas que mantén POVISA ó servizo do SERGAS. Iso é chocante. Claro que a nós non nos extrana debido ás vinculacións políticas que hai en POVISA e dos intereses privados que hai.

En todo caso, por darlle unha referencia, dí "o proxecto novo do PP reduce á metade as camas oncolóxicas, de 140 a 74" e renuncia a ser o centro de referencia galega no tratamento do cancro. Sr.Vilar, é importante que o Concello se defina nestas cuestións, é importante porque non é o mesmo, eu creo que tódolos membros da Corporación e incluso os veciños que están aquí agora mesmo, estiveron algunha vez, ou eles ou algún familiar en POVISA, e non é o mesmo estar en POVISA que é un hospital público, somos veciños de terceira categoría; en POVISA o servizo deixa moito que desexar e un claro exemplo é que hai moitísimas habitacións que teñen 3 camas; eran habitacións adaptadas para dúas camas e agora teñen tres porque a demanda é a demanda, e iso resta moitísimo na calidade de vida dos enfermos que alí están; "os pacientes", como dicen os médicos con tódala razón do mundo: hai que ser moi paciente e non protestar; para nós é unha cuestión importantísima esta moción e a proba délo é que na manifestación do xóves había moitísima xente de tódolos sindicatos e de un montón de grupos políticos, o PP non estaba, e a Coalición Miñorana tampouco a vín, pero o resto estaban todos.

Polo tanto creemos que é unha cuestión estratéxica de cara ó futuro para a Sanidade pública e a mín non me vale o que decía o señor Rodal, nas manifestacións que fixo, referente a que si era xestión pública e soamente era xestión privada o tema das cafeterías, lavandería, etc. Mire, Sr.Rodal, vostede leva pouco tempo en política, pero o Sr.Vilar pódese acordar ben: a primeira vez que víu aquí a vender o Sr.Cuiña a autoestrada non falaba nin de autoestrada nin de autopista nin de nada, o único que falaba era dunha vía de alta capacidade, que supostamente era gratuita, e o final puxerónnos unha autopista de peaxe. Polo tanto esas ambigüedades hai que concretálas porque son perigosas a fin de contas.

Vostede decía: "estivedes 4 anos e non fixeches nada"; mire, cando se chega a unha oficina e se atopa todo revolto o primeiro que hai que facer é ordenála, e iso levou tempo; que foi o mesmo que nos pasou aquí a nós no goberno, chegar e atopar todo patas arriba, primeiro hai que pór cada cousa no seu sitio. Decirle tamén que xa hai un proxecto feito, que leva un procedemento longo, e hai un estudio financeiro feito; e está feito pola Sociedade Galega cun planing de actuacións financeiras ó longo de varios anos. Polo tanto é mentira que se tarde 20 anos en facer este hospital, é mentira, non é verdade, e non lles deu tempo a inaugurar o hospital pero si deixaron o traballo adiantado e feito.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Quero recordarlle tamén (que seguramente vostede daquela non tiña nin pensado que ía a gobernar en Baiona) que o Sr.Fraga inaugurou 3 veces a lonxa de Baiona, 3 veces, porque se ía dando diñeiro pouco a pouco e viña nas eleccións a inaugurála; non se terminaba; viñan outras eleccións e volvíase a inaugurar; e despois de levar un montón de tempo funcionando, volveu a inaugurála, 3 veces; pero iso non resolve nada, iso é de cara á imaxe, iso é marketing, e dende logo así non se resolven os problemas.

Entendemos que a xestión ten que ser pública, e o financiamento público, xa que a nefasta experiencia que se viviu, que se está vivindo coa xestión privada como o que queren facer vostedes en Valencia, creo que non é un bó exemplo para aplicálo en Vigo; en todo caso creemos que é unha boa oportunidade para que rectifiquen a súa estratexia política e apoiem esta moción; nada máis, moitas grazas.

**SR.LORES, PSOE.-** Reafirmarnos na nosa postura; entendemos que hai unha gran sensibilidade entre os cidadás neste tema sanitario, e non temos máis que dicir que se manteña a calidade da sanidade pública e que se constrúa un hospital en condicións, con boas tecnoloxías e con bós médicos, e que a atención se mellore.

**SR.RODAL, PP.-** No sé si de aquela sería jóven para estar en política, no sé si realmente el Sr.fraga inaguró 3 veces la lonja, no lo sé, pero el bipartito sí lo hace, pasó en Nigrán, actuaciones medioambientales las inaguraron dos veces (usted lo sabrá), y en Vigo cuando se acerquen las elecciones pues pasará lo mismo con el PSOE y BNG, ya lo están haciendo.

En cuanto a los datos sobre las camas, simplemente comenté que para esta area sanitaria que usted decía de 600.000 habitantes, habría en el futuro 1.465 camas en este nuevo hospital, más las restantes de Meixueiro y Nicolás Peña que sumarían 2.000; no creo que dijera 2.000 del nuevo hospital.

Creo que en la Comisión Informativa estuvieron de acuerdo en que todos queremos un nuevo hospital, y como bien dijeron tanto el Sr.Lores como usted, con las mejores prestaciones técnicas, con equipos coordinados, con todas las especialidades posibles, patología, endocrinología, ginecología, etc., que estén todas para que así no haya esas interminables listas de espera; creo que ésto es lo que todos queremos; que todo sea un protocolo digamos multidisciplinar.

En cuanto a la financiación, todos queremos que el hospital esté cuanto antes; ¿qué queremos que la gestión sea publica?, bien, pero creo que incluso ahora mismo creo está debatiendo el Ministro de Fomento si el AVE va a ser con financiación privada ó si no lo va a ser; creo que escuché también si la autovía Vigo-Pontevedra iba a ser de financiación privada, y dicen que si no consiguen la financiación privada pues será financiación estatal. Creo realmente que lo que todos queremos es la mejor carretera ó la mejor autovía Vigo-Pontevedra y que el AVE esté aquí lo antes posible; eso es lo importante. Muchas gracias.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Como anécdota comentar que debería ser obrigado que tódalas obras tiveran 2 inauguracións, debería ser obrigatorio; unha, a primeira pedra, o que significa que se fixeron tódolos trámites administrativos, que están os cartos preparados e que vaise a comenar a obra (coidado que chegar á primeira pedra é máis difícil que chegar á última), e logo a inauguración definitiva; iso debería ser obrigado; e que non lle chame a atención porque á depuradora de Baiona creo que viu o Sr.Touriño, se montou unha carpa, se fixo a inauguración da primeira pedra, e virá logo unha inauguración proximamente. Xa me gustaría que na obra do carril-bici viñera aquí o señor Ministro a pór a primeira pedra, e logo poremos a segunda; eu recordo cando o Sr.D.José Cuiña, (amigo de vostede, que o tiña en bastante aprecio) puxemos a primeira pedra da autopista, de Baiona foramos un autobús completo, e o primeiro que fixo a Policía foi pararnos porque levabamos unha pancarta de que nós sí queríamos a autopista e se creían que eramos os do "non", os que vostede dirixía e capitaneaba; e non, eramos nós que íamos alí a defender a primeira pedra; e logo se fixo a autopista e viu aquí o Ministro a inaugurála, o Ministro de Fomento. As inauguracións son boas, significan que se fan as obras. Independentemente, o que queremos é que o hospital se faga, e se faga o antes



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

posible; e xa nos gustaría que dentro dun ano poidamos pór a primeira pedra, iso significa que se fixeron as xestións.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Vilar, conte todo: non o pararon pola pancarta senón porque a Policía coñecía a todo o mundo e lle pareceron vostedes sospeitosos; non pola pancarta, senón porque lle pareceron sospeitosos.

Sr.Rodal, a privatización do hospital significa que de 300 millóns pasa a 3.000, o financiamento; é dicir, se vai a multiplicar por 10; iso é normal que suceda así porque tódolos servizos municipais que se privatizan encarácese; eu xa llo teño dito aquí infinidade de veces, ¿porqué? porque as empresas veñen a gañar diñeiro, evidentemente, é algo normal; unha empresa non se presenta a unha actividade para perder diñeiro, se presenta para gañalo; polo tanto, ao custo do servizo hai que añañirle a ganancia industrial que obtén a empresa por ese servizo. Sempre, en todo caso, as privatizacións saen caras; a veces hai que ir a elas, a veces, en casos extremos, pero non creemos que sexa éste o motivo; eu penso que é unha cuestión de prioridades, xa o decía o outro día na Comisión Informativa: para o Goberno Galego é prioritario que o GAIAS vaia adiante, investir no GAIAS e non investir no hospital de Vigo; para nós está clarísimo.

Decían vostedes que á xente, o que lle importa, é ter o hospital; sí, pero á xente hai que explicarlle que como sigamos privatizando os servizos públicos chegará un momento que non dá, e entón ao mellor hai que empezar a falar de empezar a cobrar servizos públicos, e ahí é onde está o perigo; a ver se ó final os americanos van a copiar o sistema español de Sanidade e a ver se ó final os españois van a copiar o sistema americano, que o que non ten diñeiro non vai a entrar nin no hospital; ese é o risco que corremos privatizando todo, o afán privatizador que ten o PP en tódalas áreas, esa é a cuestión fundamental. E importantísimo e espero que o Sr.Feijoo medite a súa postura e dé marcha atrás, como o ten feito noutras accións de goberno como por exemplo ó retirar a pensión á xente maior, ou esa cantidade de diñeiro establecida e que agora modificou, me parece ben, é de sabios rectificar; e neste caso creemos que debe facer o mesmo. Pedimos nesta moción claramente que o financiamento sexa público e así espero que apoien vostedes tamén.

**SR.ALCALDE.-** Facer un comentario: o triste cando se fala dun hospital é que se fale, hoxe en día, de camas; un hospital non é un hotel; non é verdade que un hospital sexa mellor porque teña máis camas; eu preguntaría a Sr.Fernández ¿cántos aceleradores lineais vai ter o novo hospital?, ¿cántos quirófanos vai a ter?, ¿cántas unidades de cuidados intensivos?, iso é o máis importante, o máis importante é falar do que son os servizos asistenciais reais, non da calidade hoteleira; o que queremos todos cando vamos a un sanatorio é que nos atendan o mellor posible; e hoxe, o Meixueiro, dentro do tamaño que ten, con 400 camas, é referencia para todo o sur da Comunidade Autónoma de Galicia. Temos un servizo de ciruxía cardíaca que é o mellor da Comunidade Autónoma, pero necesitamos moito máis; pero dende logo a xente non lle vai a preguntar se isto o pagou unha empresa ou o pagou a Xunta, ou se o pagou o Estado ou a Comunidade Europea; o que vai a pedir o paciente é que o atendan rápido e ben.

E incluso o Goberno bipartito, no cal estivo o BNG, o tiña planificado tal cal, como recoñeceu o Sr.Estévez na Comisión Informativa; era tal cal, e fíxese: incluso máis, xa que falan de POVISA, do que é POVISA, pois curiosamente o Director asistencial do SERGAS no período do bipartito foi o Director médico de POVISA, e foi xerente do METEC, fíxese que complicado é o mundo sanitario que as mesmas persoas están en diferentes organizacións, públicas, privadas, fundacións públicas, empresas privadas, e sistema sanitario absolutamente público; e o que vai a ver a xente vai ser a calidade; outra cousa é que haxa que mellorar a actividade.

Sobre o tema de inauguracións, eu son partidario de que ésta fora o día da primeira intervención quirúrxica que se fixera no Centro, iso sería o mellor porque indicaría que estaba xa funcionando; e si se pode conseguir, según nos dicen, en 3 anos, mellor que que se faga en 12 ou en 15; xa hai un hospital en Galicia que lleva 12 anos en construción que están acabando agora neste momento, é o hospital de Lugo; e eu non quero que Vigo sexa como Lugo, prefiro que estén 3 anos; se os técnicos o consiguen facer en 3 anos direi "moi ben, está moi ben feito", pero non o vou a dicir eu, o dirán os cidadás, os que teñan que ir a ese Centro; e Baiona ten a



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

sorte de estar a 15 ou 20 minutos dese Centro porque estamos moi ben comunicados con Vigo; porque tamén houbo xente que reclamaba un hospital comarcal no Val Miñor, sería un craso error; fora público ou privado sería un craso error; hai que ter o mellor Centro posible á menor distancia, non de kilómetros senón de tempo. Ese gran hospital vai ser unha referencia para todo o sur da Comunidade Autónoma, se queira ou non; tamén é certo que posiblemente chegado o momento e por poboación en Ourense teñan que ter un acelerador lineal para tratar ós pacientes, é lóxico e razoable porque empezan a ter volume suficiente.

Penso que esta é unha discusión que non ten sentido; hai que deixar traballar á xente; que nos presenten os proxectos e que poida estar funcionando. Repetir que había unha previsión anterior do bipartito onde gobernaban o BNG e o PSOE, aínda que decían que estaba aillados e que o PSOE ía por un lado e o BNG por outro, pero nese goberno a previsión era facer unha financiación mixta, así foi sempre; o que sí fixeron foi 5 presentacións, iso é verdade, como dixo Angel antes: 5 presentacións do proxecto do hospital de Vigo; pero non vimos, como decía Manolo, nin a primeira pedra; o máis sólido que se tocou foi o terreo e as expropiacións estanse efectuando neste momento: 4 anos despois, porque no anterior goberno, cando eu era Director Provincial do SERGAS, se decidiu no Concello de Vigo exactamente qué terreo ía ser, esa foi a última decisión que se tomou de cara ó novo hospital, e foi xa fai 5 anos como mínimo; polo tanto creo que esta moción non ten sentido, o PSOE a vai apoiar porque ten que estar contra do PP e a favor do BNG, pero non cree para nada nesta Moción; sinceramente deberan retirála antes de tempo.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** No estudio que teño na man, feito pola Sociedade Pública de Investimento, que non é unha sociedade privada, non é capital privado, é unha sociedade pública que era quen ía financiar o proxecto, fala de ciruxía, psiquiatría, coidados mínimos, e en todos eles baixan as cantidades, é dicir, se nos pomos a falar de números, documentémonos e falemos de números, e resulta que o novo hospital que pretende financiar o PP de maneira privada pois reduce en tódalas cantidades que podemos ver o número de camas, o número de servizos quirúrxicos, de coidados mínimos, e de todo; polo tanto non estamos dacordo co seu plantexamento; lóxicamente vostede ten que defender a postura do Goberno galego, o entendemos, pero non o compartimos de ningunha das maneiras.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción, resultando: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG); votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a Moción presentada polo BNG.**

#### **10.- MOCIONS DE URXENCIA.**

Polo Sr.Alcalde dáse lectura á seguinte **MOCION:**

#### **MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BAIONA**

Os grupos municipais do PP, CMÑ, PSOE e BNG do Concello de Baiona , ao abeiro do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte MOCIÓN

Ante a petición efectuada a este Concello polo Consello de Administración da Sociedade Vegonsa, Agrupación Alimentaria, S.A., de adhesión a solicitude ó Ministerio para que lle sexa concedida a Medalla de Ouro do Traballo, a D. Ventura González Prieto, Presidente Fundador de Vegalsa-Eroski.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

E tendo en conta que o citado grupo alimentario, e concretamente o seu presidente, apostou no seu día por este municipio para instalar un supermercado que sen ninguna dúbida ten contribuído notablemente o desenvolvemento económico deste municipio. Ademais de apoiar de forma continuada as iniciativas sociais e culturais organizadas dende esta institución municipal (subvencións destinadas a actividades deportivas, entrega de alimentos e axudas económicas a colectivos e persoas en situación de precariedade etc...)

Por outra banda, e unha vez coñecida a traxectoria persoal e profesional de D. Ventura González Prieto, que comenza como empregado nunha tenda de ultramarinos en Vigo, cando tiña 14 anos. Cinco anos despois fundou o seu primeiro negocio no mercado do Calvario. Estes podiamos dicir que foron os primeiros pasos dun empresario comprometido dende o ano 1944 con Galicia e que actualmente da emprego estable a 4.300 persoas. No 1956 fundou o embrión de Vegalsa que hoxe é líder de distribución e liderazgo en Galicia, con máis de 200 supermercados, 9 plataformas de distribución cunha facturación superior os 700 millóns. Na actualidade, D. Ventura ten 84 anos continúa acudindo o seu despacho de honor de Vegalsa Eroski, dende o que segue o día a día desta compañía.

Despois de analizar o seu curriculum polo miúdo, a disposición dos señores e señoras concelleiros, esta Alcaldía somete a decisión do Pleno o seguinte acordo:

O Concello de Baiona adhírese á solicitude ó Ministerio de Trabajo de concesión da MEDALLA DE OURO DO TRABAJO A D. VENTURA GONZÁLEZ PRIETO.

---

(Neste intre sae da sala o Sr.Vilar, CMÑ.)

---

**SR.ESTEBEZ, PSOE.-** ¿Presidente fundador de VEGALSA-EROSKI?.

**SR.ALCALDE.-** Non, o que pasa é que está dentro do grupo Eroski. D. Ventura González Prieto procedía de Leon, chegou a Vigo, fundou a empresa VEGONSA, creo que a primeira empresa que tivo foi en Porriño, Vegalsa-Eroski está implantada en Baiona dende fai xa anos cun supermercado importante; creo que a evolución que tivo durante todo este tempo fai que esta sexa unha petición razoable; agradecer o apoio de todos a esta Moción.

---

**Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Urgencia da Moción resulta aprobada por unanimidade dos presentes.**

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción, resultando aprobada por unanimidade dos presentes.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**- ADHERIRSE á solicitude ó Ministerio de Trabajo de concesión da MEDALLA DE OURO DO TRABAJO a D. VENTURA GONZÁLEZ PRIETO.**

---

(Neste intre entra na sala o Sr.Vilar, CMÑ.)



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**10.2.- MOCION DE URXENCIA do PP e CMÑ.- APOIO O SECTOR AGRICOLA E GANDEIRO.**

Polo Sr.Alcalde dáse conta da seguinte **MOCION**:

O grupo municipal do PP e CMÑ do Concello de Baiona , ao abeiro do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte,

**MOCIÓN**

Remitada a esta Alcaldía escrito pola Asociación de Jóvenes Agricultores (ASAJA), Coordinadora de Organizaciones de Agricultores y Ganaderos (COAG) e Unión de Pequeños Agricultores y Ganaderos (UPA) no que solicitan o apoio ó sector agrario a través da aprobación dunha moción de apoio ó sector agrícola e gandeiro.

Resultando que nos últimos tempos a situación do sector agrario veuse deteriorada pola falta de rentabilidade das explotacións agararias que ten a súa orixe nunha profunda crisis de mercado con prezo de produtos moi baixos e custos de produción disparados. Nos últimos cinco (2003-2008) os datos da evolución da renda agararia real total amosan un descenso do 26% e segundo informe de renta agraria do Ministerio de Medio Ambiente, Rural y Marino , produciuse un incremento espectacular dos custos da produción agraria (34,3%) os cales representan xa un 86% da renda agraria final. Estes feitos xunto cos problemas na cadea de distribución agroalimentaria e recorte nas axudas comunitarias(PAC) fan que o sector agrario se atope nunha grave crisis.

Polo exposto en apoio ó sector agrario elévase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- O Concello de Baiona solidarízase co sector agrícola e gandeiro español ó que considera sector estratéxico, vital para o desenvolvemento do mundo rural.

---

**SR.ALCALDE.-** O motivo da Urxencia é que o escrito chegou despois da Comisión Informativa polo que non se pudo comentar alí; o feito de metéla agora por urxencia é porque teñen unha mobilización dentro duns días e queren contar co apoio dos Municipios.

---

Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Urxencia da Moción resulta aprobada por unanimidade.

---

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Pedir, se o BNG está dacordo, que esta moción sexa conxunta; o apoio ó sector agrícola e gandeiro, de solidariedade, debería ser conxunto.

---

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción, que preséntase como Moción conxunta da Corporación Municipal de Baiona, resultando aprobada por unanimidade.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**- A SOLIDARIEDADE do Concello de Baiona co sector agrícola e gandeiro español ó que considera sector estrátexico, vital para o desenvolvemento do mundo rural.**

### **10.3.- MOCION DE URXENCIA.- CONTA XERAL 2008.**

Polo **SR.ALCALDE** dase conta da seguinte:

#### **PROPUESTA DE LA ALCALDIA**

La Cuenta General del Ayuntamiento de Baiona correspondiente al ejercicio 2008, formada por la Cuenta del Concello de Baiona y la Cuenta del Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona, fue sometida a informe de la Comisión Especial de Cuentas el día 24 de septiembre de 2009.

Con el dictamen de la Comisión, fue sometida a información pública durante un plazo de 15 días y ocho más, previa publicación en el B.O.P. nº 194 de 7 de octubre de 2009.

Transcurrido este plazo sin que se presentasen reclamaciones a la misma, como se certifica por la Secretaría General con fecha 5 de noviembre de 2009, desde esta Alcaldía se somete al Pleno de 5 de noviembre de 2009 para su aprobación y posterior remisión al Consello de Contas, como establece el artículo 223 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo, al objeto de cumplir los plazos de remisión que marca dicho texto legal.

---

O **SR.ALCALDE** explica que finalizando onte o prazo de exposición por se houbera alegacións, non produíuse ningunha; se presenta por Urxencia para remitíla ó Consello de Contas tratando de cumprir cos prazos. Xa foi discutida na Comisión correspondente, procedendo agora a aprobación da urxencia.

---

**Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Urxencia da Moción resulta aprobada por unanimidade.**

---

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Nos vamos a abster.

---

**Sometida polo Sr.Alcalde a Moción a votación, resulta: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), produciéndose 7 abstencións (5,PSOE, 2,BNG).**

**Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:**

**- APROBA-LA CONTA XERAL 2008 e a sua posterior remisión ó Consello de Contas.**

### **11.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGO DO PSOE.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.LORES.**- O ROGO é polo tema das vivendas na rúa Julián Valverde, en Sabarís, vivendas que están en estado ruinoso; unha delas no número 70 ou 75, e outra no número 50.- **ROGAMOS** se tomen as medidas oportunas e que se comuniquen ós propietarios a situación das mesmas posto que hai perigo para os transeuntes nas beirarúas.

#### **ROGOS DO BNG.**

#### **SR.FERNANDEZ.-**

**1º ROGO.**- Vou leer un texto: "Una fiesta de disfraces no es intrínsecamente algo malo, pero si hay que tener cuidado cuando éstas se abren a una cultura desenfadada como la nuestra. Detrás de un disfraz se pueden hacer muchas cosas vergonzosas con impunidad; con frecuencia se hace pretexto para esconderse y aprovecharse de la situación. Como hemos visto, los disfraces de Halloween tienen origen en el paganismo y por lo general aluden al miedo y a la muerte. Hoy en día, con frecuencia, los disfraces se burlan de las cosas sagradas; vemos, por ejemplo, disfraces de monjas embarazadas, sacerdotisas, perversos sexuales, etc., nada de eso es gracioso y solo puede ofender a Dios".

Sr.Alcalde, eu **ROGOLLE** que por favor retire vostede da páxina do Concello a que ten adicada á Igrexa Católica, á Parroquia, e que poñen barbaridades como éstas, de carácter fundamentalista, retrógado, e que calquer veciño ou concelleiro de Baiona pode sentir vergonza de que calquer cidadá do mundo poida entrar en Internet e leer barbaridades deste tipo. Polo tanto, **ROGARIALLE** que borrara iso da páxina do Concello porque de verdade que sinto vergonza allea.

**SR.ALCALDE.**- Hai conexión a través da páxina web do Concello e a folia parroquial, ésta ten unha serie de servizos pero dende logo os contidos e comentarios que poida ter esa páxina non son responsabilidade do Concello. Pero realmente non sei cal é o gran drama da páxina parroquial: ¿decir que non é correcto disfrazarse de monxa embarazada? pois a verdade é que non é moi correcto; ¿pode sonar ben facelo por ser Carnaval?, pode ser, será así a tradición; pero non creo que se fixera por parte da Igrexa ningún comentario incorrecto nin nada parecido a un crimen; están simplemente dando un servizo o cidadán.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** En todo caso lle pediría que a retirara. Creo que está fora de lugar totalmente.

**2º ROGO.- ROGAMOS** se faga un esforzo por convocar, e para consensuar, unha posta en común dunha mesa de negociación coa Policía Local porque creemos que vale a pena para ben de tódolos veciños e veciñas de Baiona.

---

#### **PREGUNTAS.-**

#### **PREGUNTAS do PSOE (feitas no anterior Pleno)**

#### **SR.LORES:**

**1.-** Referente á situación vivida en Baiona fai 2 ou 3 días pola cantidade de auga que caíu; parece que algo fallou nalgúns zonas concretas como na Glorieta de Colón, Marqués de Quintanar, e outras na zona baixa; queremos saber exactamente se xa teñen elaborado algún informe de a qué foi debido ese tipo de inundacións. Se hai algún informe, pois coñecéalo.

**SR.ALCALDE.**- Sumáronse unha serie de incidencias nos primeiros días de choiva, de choiva importante, e xa se tomaron medidas en tema de atascamentos, en diferentes saídas, etc. Xa está solucionado.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**2.- Temos información de que parece ser que Sanidade estivo inspeccionando a Praza de Abastos de Sabarís e hai un informe; queríamos preguntar en qué termos está ese informe e se realmente pode haber sancións para ó Concello de Baiona.**

**SR.ALCALDE.** - Penso que houbo unha confusión dalgún usuario da Praza de Abastos porque realmente o que houbo foi xente traballando para facer un proxecto como os que presentamos dentro dos da Deputación; un deles é de reforma dunha parte do Mercado de Sabarís e non é un informe de agora, é algo de moitos anos, de diferentes deficiencias, que entendemos que en conxunto é difícil de realizar; o habíamos falado ademais nos proxectos de humanización de Sabarís, as posibilidades de deixálo como unha praza pública cuberta, pero non como Mercado. Vamos a adaptar o que é a parte de cabeza do edificio para que sexa un mercado en condicións que poida ser utilizado por todo o mundo.

---

**PREGUNTAS DO BNG.**

**SR.FERNANDEZ:**

**1º.- Sr.Alcalde ¿a cómo ascenden os gastos do equipo xurídico que defenderon ao Concello polo tema das horas extras da Policía Local?.**

**SR.ALCALDE.** - Contestaremos no próximo Pleno, non teño o dato.

---

**2º.- ¿A cómo ascenden as costas do Xulgado?.**

**SR.ALCALDE.** - Contestaremos no próximo Pleno.

---

**3º.- ¿A cómo ascenden as costas que se lle deben á Policía Local debido ó incremento destas horas?.**

**SR.ALCALDE.** - Está en fase de valoración pola Intervención, supoño que no próximo Pleno teremos os datos xa. Decir que a día de hoxe non se debe nada; a día de hoxe se paga o día neste Concello; non era igual cando entramos que estaba gobernando vostede, e era vostede concelleiro de Seguridade.

---

**4º.-¿Qué criterio se seguiu para contratar ó equipo xurídico que defendeu ao Concello?.**

**SR.ALCALDE.** - Contestaremos no próximo Pleno.

---

**5º.-¿Porqué motivo se retirou o turno da noite da Policía Local?.**

**SR.ALCALDE.** - Contestaremos no próximo Pleno. Se fixo público xa, aínda que algún medio non o recolleu; se fixo público e creo que é fácil de saber.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Quixeramos ter unha resposta oficial e non ter que comprar os periódicos para enterarnos do que pasa no Concello.

**SR.ALCALDE.** - Vou a darlle a resposta para que non maree máis a perdiz; a plantilla é a que é; durante o verán houbo 5 Policías de baixa, neste momento hai 3; algúns están de vacacións, posto que obrigatoriamente temos que darllas xa que teñen dereito a élo antes de acabar o ano; entón lóxicamente cando empezas a sumar, restar, e dividir, dá unha



**EXCMO. CONCELO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

cobertura x; por certo, o Concello de baiona é o único que ten cobertura nocturna durante o ano, salvo Nigrán que a ten durante 2 meses exactos, por certo, que tamén pode falar co Xefe ou Presidente Local, Teniente de Alcalde, D.David Giráldez, que tamén lle pode informar de cómo se fan as negociacións sobre a Policía; él o coñece ben porque a nós nos estivo informando tamén.

**SR.FERNANDEZ.**- Eu fun concelleiro da Policía e sei como se fan as negociacións, e nunca tiven o problema que ten vostede, Sr.Alcalde, entre outras cousas porque consensuabamos tódalas medidas que tomabamos.

---

**6º.- ¿Porqué motivo non se tramitan as denuncias relativas a ruídos nin ás do Mercado de Sabarís?.**

**SR.ALCALDE.**- Contestaremos no próximo Pleno.

---

**7º.- ¿En qué situación se atopa o proxecto de Orzamento do 2010?.**

**SR.ALCALDE.**- En fase de estudio. Estamos tamén pendentes de que o Goberno nos dé a cifra do ano que ven, que a día de hoxe non temos, sobre o tema de Ingresos do Estado.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.